

---

**PUBLICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ADOPTADO NA SESIÓN DO 11 DE OUTUBRO DE 2018**

De conformidade co artigo 44 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015) e a base 11, da convocatoria de subvencións para o fomento de actividades e programas a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, Queer e intersexual (LGTBQI) de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2018 BOP núm. 141, do 26/07/2018, publícase a resolución da devandita convocatoria que é como segue:

**NÚMERO 65.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE IGUALDADE RELATIVA Á RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES EN PROL DA IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES E DAS PERSOAS DO COLECTIVO LÉSBICO, GAY, TRANSEXUAL, BISEXUAL, QUEER E INTERSEXUAL (LGTBQI) E DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS PARA O ANO 2018**


Dase conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 25 de setembro de 2018, da asesora xurídica de Igualdade e da xefa de servizo da área de Acción Social, conformado coa mesma data pola concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, nº 628/2018 de data 8.10.18.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

**ANTECEDENTES**


A Xunta de Goberno, na sesión do 20/07/2018, aprobou o inicio do procedemento, as bases e a convocatoria de subvencións para o fomento de actividades e programas a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, Queer e intersexual (LGTBQI) de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2018. O antedito acordo foi publicado na BDNS, co núm. 409183 e no BOP núm. 141, do 26/07/2018.

Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes previsto na base oitava da convocatoria presentáronse 12 solicitudes, que son como segue:



Entidade	Data rexistro	Proxecto/Programa/Actividade	Importe total proxecto	Importe solicitado	Porcentaxe solicitada
Asociación de Viúvas Rosalía de Castro	27/07/2018	Curso de ximnasia e mantemento físico	2.550,00	2.500,00	98,04
Asociación de Empresas de Inserción de Galicia - AEIGA	31/07/2018	Muller en Igualdade	1.500,00	1.500,00	100
Federación Autismo Galicia	01/08/2018	Obradoiros de habilidades comunicativas e coidado da saúde de mulleres con TEA	3.000,00	3.000,00	100
Asociación de Empregadas de Fogar Xiara	06/08/2018	<ul style="list-style-type: none"><li>• Obradoiros expresión grupal para a participación social.</li><li>• Asesoría sociolaboral no emprego de fogar.</li><li>• Actividades formativas, informativas e de asesoramento en dereitos e recursos.</li></ul>	2.000,00	2.000,00	100
Agra, Asociación para a promoción e integración das mulleres galegas do rural	03/08/2018	Fomento da igualdade no rural: titularidade compartida.	3.000,00	3.000,00	100
Fademur, Federación de Asociacións de Mulleres Rurais	03/08/2018	Fomento da igualdade no rural.	2.900,00	2.900,00	100
Asociación de Veciños Camiño de Santiago - Vogalía da Muller	08/08/2018	Formación para potenciar a horta ecolóxica de produción baixo túnel e acolchados de canas de millo e o cultivo de froitos vermellos.	1.000,00	790,00	79
Asociación Mulheres Nacionalistas Galegas	09/08/2018	Feminismo, o poder das mulleres	470,30	470,30	100
Asociación Plataforma Feminista Galega	09/08/2018	<ul style="list-style-type: none"><li>• Empoderamento feminista e LGTBI.</li><li>• Faladoiros feministas.</li></ul>	3.393,52	2.859,49	84,26
Asociación Veciñal e Cultural As Brañas de Andrés	10/08/2018	Actividades de fomento da igualdade entre mulleres e homes.	1.667,00	1.500,00	90
Sindicato Labrego Galego CC.LL.	10/08/2018	Sen prexuízos no rural.	3.000,00	3.000,00	100
Os contos de Carlota (fóra de prazo)	23/08/2018				

Que as entidades beneficiarias propostas cumpren os requisitos previstos na Base 5 da convocatoria e reúnen a condición de ENTIDADES BENEFICIARIAS.




Que a tramitación do procedemento axústase ao previsto na Base 11 e seguintes da convocatoria e para dar cumprimento ao establecido na citada base, a concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo nomeou a comisión avaliadora, convocándoa para a adopción da proposta de resolución o 18/09/2018. Nesta data, a comisión, tras a avaliación e informe das solicitudes, formula a proposta de resolución prevista no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na base 11 da convocatoria (achégase a acta ao expediente)

### CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

Que de acordo co establecido no artigo 12 procedeuse a calcular o valor punto seguindo a fórmula que se detalla en dita base, según se amosa no seguinte cadro, tomando como referencia os puntos acordados na Comisión de Avaliación:

		ENTIDADE SOLICITANTE (MINIMO 15 PUNTOS - MÁXIMO 30 PUNTOS)					PROXECTO (MINIMO 43 PUNTOS - MÁXIMO 85 PUNTOS)							
Entidade	1.- RELACION DA ENTIDADE CO ÁMBITO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	2.- ACTIVIDADES REALIZADAS NOS ÚLTIMOS 3 ANOS	3.- NUMERO DE PERSOAS QUE SE DIRIXE	4.- ACHEGAMENTO DA ENTIDADE AO PROXECTO	SUBTOTAL	1.- CALIDADE TÉCNICA	2.- FINALIDADE TRANSFORMADORA	3.- DURACION DAS ACTIVIDADES PREVISTAS	4.- COORDINACIÓN PREVISTA CON OUTRAS ENTIDADES	5.- POBOACION BENEFICIARIA	6.- EMPREGO DA LINGUA GALEGA	SUBTOTAL	TOTAL DE PUNTOS POR ENTIDADE	
1	Asociación de Viúvas Rosalía de Castro	5	7	3	0	15	22	10	10	2	10	10	64	79
2	AEIGA	3	9	3	0	15	15	10	3	6	5	5	44	59
3	Federación Autismo Galicia	5	9	5	0	19	25	5	7	2	2	10	51	70
4	XIARA	5	12	5	0	22	16	7	10	10	10	10	63	85




		ENTIDADE SOLICITANTE (MINIMO 15 PUNTOS - MÁXIMO 30 PUNTOS)					PROXECTO (MINIMO 43 PUNTOS - MÁXIMO 85 PUNTOS)							
5	Asociación Promoción e Integración Mulleres Galegas Rural (AGRA)	5	8	5	0	18	17	10	7	0	10	10	54	72
6	Federación Asociacións Mulleres Rurais de Galicia-FADEMUR-GALICIA	5	12	5	0	22	15	13	10	10	10	10	68	90
7	Vogalía Muller Asociación Veciños Camiño de Santiago	5	12	1	3	21	26	11	10	0	5	10	62	83
8	Asociación Mulleres Nacionalistas Galegas - MNG	5	12	1	0	18	20	15	7	0	10	10	62	80
9	Plataforma Feminista Galega	1	12	3	1	17	20	15	7	0	10	10	62	79
10	Asociación Veciñal e Cultural As Brañas de Andrés-Compostela	5	9	3	1	18	11	5	10	0	10	10	46	64
11	Sindicato Labrego Galego	5	12	3	0	20	15	15	7	0	10	10	57	77
12	Os contos de Carlota													
												<b>TOTAL PUNTOS</b>	<b>838</b>	
												<b>VALOR DO PUNTO</b>	<b>35,80 €</b>	

Unha vez obtido o valor do punto, 35,80 euros /punto, procédese a calcular a contía das subvencións, tendo en conta os puntos obtidos por cada entidade según valoracións da Comisión Avaliadora:



	ENTIDADES	TOTAL PUNTOS	VALOR PUNTO	RESULTADO Total puntos por Valor punto	ORZAMENTO SOLICITADO	CALCULO DE IMPORTE SUBV CON RESPECTO A ORZAMENTO SOLICITADO E COA PUNTUACION ACADADA
1	Asociación de Viúvas Rosalía de Castro	79	€ 35,80	2.828,20 €	2.500,00 €	2.500,00 €
2	AEIGA	59	€ 35,80	2.112,20 €	1.500,00 €	1.500,00 €
3	Federación Autismo Galicia	70	€ 35,80	2.506,00 €	3.000,00 €	2.506,00 €
4	XIARA	85	€ 35,80	3.043,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €
5	Asociación para a Promoción e Integración das Mulleres Galegas do Rural (AGRA)	72	€ 35,80	2.577,60 €	3.000,00 €	2.577,60 €
6	Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia- FADEMUR-GALICIA	90	€ 35,80	3.222,00 €	2.900,00 €	2.900,00 €
7	Vogalía de Muller da Asociación de Veciños Camiño de Santiago	83	€ 35,80	2.971,40 €	790,00 €	790,00 €
8	Asociación Mulheres Nacionalistas Galegas	80	€ 35,80	2.864,00 €	470,30 €	470,30 €
9	Plataforma Feminista Galega	79	€ 35,80	2.828,20 €	2.859,49 €	2.828,20 €
10	Asociación Veciñal e Cultural As Brañas de Andrés-Compostela	64	€ 35,80	2.291,20 €	1.500,00 €	1.500,00 €
11	Sindicato Labrego Galego	77	€ 35,80	2.756,60 €	3.000,00 €	2.756,60 €




ENTIDADES	TOTAL PUNTOS	VALOR PUNTO	RESULTADO Total puntos por Valor punto	ORZAMENTO SOLICITADO	CALCULO DE IMPORTE SUBV CON RESPECTO A ORZAMENTO SOLICITADO E COA PUNTUACION ACADADA
			<b>TOTAL</b>	<b>23.519,79 €</b>	<b>22.328,70 €</b>

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:**

O marco normativo polo que se rexerá esta convocatoria de subvencións está constituído polas leis e disposicións que de seguido se detallan e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba seu regulamento
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da A.L., disposición adicional primeira, cuarta. E da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da antedita Lei.
- A Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade




recóllense no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2. . O apartado 20.8 sinala que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

- A Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299 do 15.12.2015)
- Bases de execución do orzamento de 2018, do Concello de Santiago.
- Bases reguladoras desta convocatoria, BOP núm. 141, do 26/07/2018.
- Acta da Comisión de Avaliación das solicitudes do 18/09/2018.

**Proposta de resolución:**

Aprobar a proposta de resolución para a concesión de subvencións para o fomento de actividades e programas a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivolésbico, gay, transexual, bisexual, Queer e intersexual (LGTBQI) de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2018, formulada pola comisión de avaliación o 18/09/2018 de conformidade cos criterios obxectivos de concesión previstos na base 10, e conceder as subvencións detalladas na seguinte táboa e a desestimación da solicitada pola entidade Os Contos de Carlota, tendo en conta a presentación extemporánea da súa solicitude.

Entidade	Importe subvencion
Asociación de Viúvas Rosalía de Castro	2.500,00 €
AEIGA	1.500,00 €
Federación Autismo Galicia	2.506,00 €
XIARA	2.000,00 €
Asociación para a Promoción e Integración das Mulleres Galegas do Rural (AGRA)	2.577,60 €
Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia- FADEMUR- GALICIA	2.900,00 €
Vogalía de Muller da Asociación de Veciños Camiño de Santiago	790,00 €
Asociación Mulheres Nacionalistas Galegas	470,30 €
Plataforma Feminista Galega	2.828,20 €
Asociación Veciñal e Cultural As Brañas de Andrés-Compostela	1.500,00 €
Sindicato Labrego Galego	2.756,60 €
<b>TOTAL SUMA DAS CONCESIÓNS</b>	<b>22.328,70 €</b>



O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 070 23102 48901/2018, N° de operación 220180008691.

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**


Aprobar a proposta de resolución para a concesión de subvencións para o fomento de actividades e programas a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, Queer e intersexual (LGTBQI) de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2018, formulada pola comisión de avaliación o 18/09/2018 de conformidade cos criterios obxectivos de concesión previstos na base 10, e conceder as subvencións detalladas na seguinte táboa e a desestimación da solicitada pola entidade Os Contos de Carlota, tendo en conta a presentación extemporánea da súa solicitude.

Entidade	Importe subvencion
Asociación de Viúvas Rosalía de Castro	2.500,00 €
AEIGA	1.500,00 €
Federación Autismo Galicia	2.506,00 €
XIARA	2.000,00 €
Asociación para a Promoción e Integración das Mulleres Galegas do Rural (AGRA)	2.577,60 €
Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia- FADEMUR- GALICIA	2.900,00 €
Vogalía de Muller da Asociación de Veciños Camiño de Santiago	790,00 €
Asociación Mulheres Nacionalistas Galegas	470,30 €
Plataforma Feminista Galega	2.828,20 €
Asociación Veciñal e Cultural As Brañas de Andrés-Compostela	1.500,00 €
Sindicato Labrego Galego	2.756,60 €
<b>TOTAL SUMA DAS CONCESIÓNS</b>	<b>22.328,70 €</b>

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 070 23102 48901/2018, N° de operación 220180008691.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa e de acordo co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cabe interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei





**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO  
**Igualdade**

29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, potestativamente, un recurso de reposición perante a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao de recibir a notificación desta resolución.

Non obstante, as entidades poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren conveniente.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018

O secretario xeral do pleno

Por delegación:

María Teresa Furelos Toral

Xefa de servizo da Área de Acción Social